

Autoridades

Dr. Villares, catedrático de Historia Contemporánea da USC e mantedor deste acto.

Amigas e amigos.

O 14 de outubro de 2016, no Xurado do sexto Premio Ourensanía, que me honro en presidir, acordamos, por unanimidade, facer nosa a proposta de Luís González Tosar, membro do devandito xurado e autor, no 2005, do manifesto *Afirmación da Ourensanía*, de galardoar anualmente co título de “Ourensán, ou ourensá, de Honra” a personalidades falecidas que tiveran destacado, desde diversos ámbitos sociais, na defensa dos valores que conforman e lexitiman a ourensanía e así quedou reflectido na correspondente acta (cito textual):

“Rescatar a sobranceira traxectoria de Rodolfo Prada Chamochín (Os Peares 1892-Bos Aires, 1980), emigrante de noso que desenvolveu un importantísimo e inxente labor, político e cultural, en case toda América, principalmente na capital arxentina, onde residiu ao longo de sete décadas que abranguen un período fundamental da nosa historia no século XX; desde as Irmandades da Fala ata a preautonomía.

Sería a partir dese momento, mercé á vontade política do Goberno provincial do que son responsable, e contando coa inestimable colaboración dos seus tres netos residentes en Santiago de Chile, María Elena, Carlos e María Soledad, herdeiros do único fillo de don Rodolfo, Alberto Prada Fraga, cando puxemos mans ao compromiso.

Sendo conscientes da dimensión dunha figura cimeira para o coñecemento do ideario e da acción do galeguismo en América que, por diversas razóns, permanecía inxustamente esquecida.

A nosa primeira actividade, desenvolvida na sede do Consorcio Administrativo dos Peares o 4 de novembro de 2017, foi para conmemorar o trinta e sete aniversario do seu falecemento. Contamos daquela coa presenza de María Soledad Prada Alliende, neta de D. Rodolfo, e co decidido apoio do

alcalde da Peroxa, Manuel Seoane, secundado polos outros tres rexedores dos concellos integrantes do Consorcio pearense, Nogueira de Ramuín, Carballedo e Ferreira de Pantón.

Así mesmo, cómpre salientar tamén a activa participación da Asociación Rodolfo Prada, presidida por Francisco González, que desde a súa creación, a finais dos setenta, ten realizado un meritorio labor cultural na localidade natal de tan ilustre patriota.

Apenas un ano despois, o 4 de novembro de 2018, nun tempo récord, o presidente de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, que partilla con Prada o privilexio de seren nados alí onde conflúen tres dos nosos ríos, o Miño, o Sil e o Búbal, celebraba connosco e coa súa neta maior, María Elena, un acto no que faciamos realidade as propostas recollidas con anterioridade:

- .- Institucionalización, a nivel provincial, do catro de novembro como Día de Rodolfo Prada.
- .- Creación e dotación dun premio destinado á xestión cultural en Galicia que leva o seu nome.
- .- Inauguración dun monumento alusivo á súa traxectoria, obra do escultor Manuel Buciños, situado á beira do predio onde naceu, preto da estación dos Peares.

E, un par semanas máis tarde, vinte un de novembro, grazas ao traballo e ao entusiasmo de Luís González Tosar, apoderado da familia, e de Pablo Pérez Pérez, deputado provincial en representación do Goberno de Ourense, que realizaron en Bos Aires os trámites oportunos -nada doados, por certo- recibíamos neste Pazo Provincial, cos honores dos que Rodolfo Prada é merecente, as súas cinsas e as da súa dona, Manuela Fraga.

Cumpriamos así, con grande orgullo, a derradeira vontade dun dos mellores entre os bos e xenerosos: “ É o meu derradeiro desexo que os meus restos mortais descansen, na paz de Deus noso Señor, na miña terra, alí onde vin a luz primeira e á que tratei de servir como galego. So será posible cando Galiza recobre a democracia e a autonomía, a súa liberdade e os seus dereitos de pobo diferenciado, arrebatados vilmente pola forza da barbarie.”

Hoxe, sesenta e nove cabodano do pasamento de Castelao na habitación 202 do Sanatorio do Centro Galego de Buenos Aires, onde recibiu durante a súa penosa enfermidade o incondicional agarimo de quen era amigo verdadeiro e fiel executor das súas ideas e proxectos, o “millor irmau” -se se me permite- tomando o concepto de irmandade que ambos os dous profesaban -máis alá de seren correligionarios, e de que, logo, o home de confianza cumprise todas as indicacións testamentarias de Virxinia Pereira, viúva do xenial Daniel; Rodolfo Prada tiña que estar. Está, e moi presente.

O rianxeiro Castelao amaba Ourense. Boa proba do seu cariño e simpatía por nós está nas testemuñas de Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda, Manuel Martínez Risco, Eduardo Blanco-Amor e moitos ourensáns amigos seus. Mais no caso de Rodolfo Prada, a empatía e a confianza foron medrando desde

1931, cando se coñeceron en Pontevedra, na constitución do Partido Galeguista, incrementaron na década do exilio bonaerense de Castelao, de 1940 a 1950, e perduraron máis alá da súa hora final, o fatídico 7 de xaneiro de 1950.

Calquera que se achegue ás interesantísimas cartas de Castelao a Prada – unha delas lida ao comezo deste acto e a totalidade das cales imos editar axiña desde a Deputación- poderase decatarse do alto grao de estima, confianza e consideración que lle tiña ao dos Peares o autor de *Sempre en Galiza* (libro, por certo, ao coidado de Prada, que foi o editor, a través das Edicións As Burgas, do Centro Ourenseño, en 1944, o mesmo que a impresión d'*As cruces de pedra na Galiza*, na que Prada participou con Núñez Búa e Luís Seoane).

Un edificio, o que fora sede do Centro Ourenseño en Bos Aires, onde estivemos en novembro pasado. Subindo as mesmas escaleiras e visitando os que foron despachos de Prada e Castelao, de Castelao e Prada.

Noutra carta, do 26 de marzo de 1945, Castelao afirma, “ O Centro Ourenseño é a miña casa-refuxio, nela atopo calor de familia e un entusiasmo galeguista enorme, manifestado a través de dous milleiros

de socios. Se non fose rianxeiro, e por tanto pontevedrés, gustaríame ter sido orensán, sobre todo polo carácter e pola simpatía, que os distingue do resto dos galegos...”

Antes de rematar, agradézolle sinceramente ao profesor Ramón Villares, indiscutible autoridade no eido da nosa historiografía contemporánea, de quen teño a súa *Historia de Galicia* como lectura de consulta recorrente, a participación neste acto.

Aproveito para expresarlle que o seu recente ensaio *Identidade e afectos patrios* tenme valido para reafirmarme no concepto de Galicia nación cultural, no que acredito, fronte ao de “nación política” que, como el mesmo explica, “ten sido máis ben fraca”. Penso que o nacionalismo de Losada Diéguez, Castelao, Otero, Risco e toda a Xeración Nós, que emigrantes como Prada, e logo os exiliados, contribuíron a trasladar ás nosas colectividades de América, sobre todo en Bos Aires, Montevideo e na Habana, pouco tiña de soberanismo e, case nada de independentismo, agás manifestacións anecdóticas.

Ese pensamento, ese ideal (salvas as circunstancias e as pautas que loxicamente impoñen o tempo e a realidade histórica de cada momento) debe marcar, na miña opinión, o devir da Galicia presente e futura. Non hai que lle ter medo aos conceptos integradores, aos principios que fan país. A identidade, os afectos patrios expresados a través do sentimento de pertenza a unha terra con idioma e cultura propios, con tradición e historia, con peculiaridades aportadoras, **como é no noso caso a ourensanía**, deberían ser o pilar fundamental sobre o que se asente calquera opción política que pretenda conectar con esta realidade socio-cultural DIFERENCIADA do noroeste ibérico, con modelo propio que NON RENEGA DE ESPAÑA E QUE ASPIRA A MÁIS AUTOGOBERNO á que chamamos Galicia, ou Galiza, tanto ten.

Unha nación cultural forxada ao longo dos séculos, rica en matices, espallada por Iberoamérica ONDE TEMOS, NOS FILLOS E NETOS DOS EMIGRANTES, AS MELLORES EMBAIXADAS, vencellada NATURALMENTE, por igual, ao mundo hispánico e á lusofonía, con moitas posibilidades na España das nacionalidades e as rexións e na Europa dos pobos e os estados que, a pesar de todos os pesares, van seguir sendo realidades indisolubles, PORQUE DIGAN O QUE DIGAN ALGÚNS POLITÓLOGOS, non caben voltas atrás.

Esa era a Galicia pola que loitaron, en case todas as fronteiras e en circunstancias moito máis críticas que as actuais, Castelao e Prada. Sabemos que non é aquela Galicia a que nos esixe respostas neste 2019 (e no 2020, cando celebremos o centenario da revista e da Xeración Nós, que pasan, necesariamente, por Ourense), pero SI o é a idea fundamental: Terra, Pobo, Lingua e Cultura.

En resumo, queridos amigos e amigas, como dixeron no seu tempo Prada e Castelao, como dicimos hoxe outros, e como dirán moitos máis mañá:

¡TERRA A NOSA!

GRACIÑAS